



MEMORIA DE TRANSPARENCIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN EDUCATIVA ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES OU EXTRACURRICULARES DO ESTUDANTADO DO MÁSTER EN ENERXÍAS RENOVABLES, CAMBIO CLIMÁTICO E DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE.

Expediente: CNV26-01

PRIMEIRO.- Antecedentes e obxectivos

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (en diante, Axencia), adscrita á Consellería do Medio Rural, foi creada pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo que promove e coordina o desenvolvemento rural en Galicia para mellorar a calidade e as condicións de vida dos habitantes do medio rural e contribuír á cohesión do territorio galego. Dita lei de creación está modificada, entre outras, pola Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia (DOG núm. 94, do 21 de maio), en cuxo artigo 6 configúrase a Axencia como unha axencia pública autonómica, de conformidade coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, coa consideración de medio propio e servizo técnico da Comunidade Autónoma de Galicia.

De conformidade co disposto na Lei 11/2021, a Axencia promove, mediante a creación das asentamentos rurais, a recuperación da actividade económica e social dos terreos de antigo uso agrícola, gandeiro e forestal e daqueles que se encontren en situación de abandono e infrautilización, así como dos núcleos incluídos nelas, co obxectivo de permitir a súa recuperación demográfica e a mellora da calidade de vida da súa poboación. Ten competencias para a iniciación do procedemento para a aprobación dos polígonos agroforestais de iniciativa pública e diseña, programa e executa as medidas de recuperación da xestión da terra agroforestal de Galicia supervisando, coordinando e difundindo as políticas e estratexias de desenvolvemento rural, en especial as orientadas á recuperación das terras forestais e da superficie agraria útil como base da bioeconomía.

O Real decreto 592/2014, de 11 de xullo, que regula as prácticas académicas externas de estudantes universitarios establece no seu art. 8.1.a, a posibilidade de que o estudantado matriculado en ensinanzas impartidas pola universidade realicen prácticas académicas externas, que poderán ser curriculares ou extracurriculares.





A adecuación dos programas educativos ás necesidades do mundo laboral constitúe unha das preocupacións da Universidade de Santiago de Compostela e a Axencia.

Ambas partes consideran necesario un maior achegamento entre o ámbito laboral e a universidade para facilitar a futura inserción laboral do estudantado universitario egresado mediante a alternancia da súa formación teórica con prácticas externas, acadando ao mesmo tempo a mellor cualificación e inserción no ámbito laboral.

As partes deste convenio queren contribuír a que, por medio da súa colaboración, se cumpra este obxectivo, complementando a formación teórica do estudantado mediante as prácticas en entidades que lles permita coñecer a realidade laboral.

Con este convenio de colaboración preténdese enmarcar a cooperación educativa na que se delimiten as garantías recíprocas do estudantado e a Axencia no desenvolvemento do período de prácticas.

Para os efectos sinalados, a Axencia ten previsto formalizar coa Universidade de Santiago de Compostela o instrumento convencional arriba referenciado e que ten por obxecto establecer un programa para a realización de prácticas académicas externas do estudantado nas instalacións da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (en adiante, Axencia), así como para achegar as súas persoas expertas para aquela parte da docencia teórico-práctica especializada que fose precisa.

As prácticas poderán ser:

- Curriculares, contempladas nos plans de estudo.
- Prácticas conducentes á elaboración dos traballos fin de grao / traballos fin de máster, segundo se contempla nos plans de estudo e demais normativa de aplicación.
- Extracurriculares, ou complementarias

O convenio fixa os mecanismos de colaboración entre as partes coa finalidade de establecer unha adecuada programación, desenvolvemento e verificación da colaboración.

O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

As partes deste convenio consideran necesario un maior achegamento entre o ámbito laboral para facilitar a futura inserción laboral do estudantado universitario mediante a alternancia da súa formación teórica con prácticas externas, acadando ao mesmo tempo a mellor cualificación e inserción no ámbito laboral.

Con este convenio preténdese enmarcar a cooperación educativa na que se delimiten as garantías recíprocas do estudantado e a Axencia no desenvolvemento do período de prácticas.

Entre as funcións desta axencia atópase a creación das asentamentos rurais que promove a recuperación da actividade económica e social dos terreos de antigo uso agrícola, gandeiro e forestal e daqueles que se encontren en situación de abandono





e infrautilización, co obxectivo de permitir a súa recuperación demográfica e a mellora da calidade de vida da súa poboación atribúe unha importe experiencia didáctica e práctica para poder levar acabo este convenio.

Así mesmo, a Axencia tamén ten competencias para a iniciación do procedemento para a aprobación dos polígonos agroforestais de iniciativa pública e deseñar, programas e executar as medidas de recuperación da xestión da terra agroforestal de Galicia supervisando, coordinando e difundindo as políticas e estratexias de desenvolvemento rural, en especial as orientadas á recuperación das terras forestais e da superficie agraria útil como base da bioeconomía.

Estas competencias enmárcanse dentro dos programas educativos que a USC desenvolve e quere por en marcha coa súa aplicación práctica cun seguimento docente por parte dun tutor designado por Axencia.

A vinculación do estudantado en prácticas coa Axencia non terá en ningún caso carácter laboral e, polo tanto, non se poderá acoller a ningunha modalidade contractual laboral das previstas no Estatuto dos Traballadores. As actividades estarán sempre orientadas á aprendizaxe práctica titorizada, polo que o estudantado en prácticas non poderá realizar tarefas de responsabilidade na entidade colaboradora, nin as propias e exclusivas do seu persoal.

A Axencia designará un tutor ou tutora responsable de aplicar o plan formativo previsto e elaborar un informe de valoración que lle sexan solicitados sobre o traballo desenvolvido pola alumna ou alumno que será o encargado de emitir para cada alumna ou alumno unha certificación na que debe constar o tempo de colaboración e as actividades, traballos, investigacións, etc. realizados nela. A certificación deberá especificar que carecerá de efectos académicos, quedando supeditada, a estes efectos, á avaliación que realice a USC das prácticas.

A duración será de catro anos, e en todo caso polo tempo que duren as prácticas do estudantado, podendo prorrogarse de forma expresa para os seguintes catro anos de común acordo polas partes e en tanto non se denuncie expresamente como mínimo con tres meses de antelación. Non poderá ser obxecto de rescisión mentres existan estudantes realizando prácticas.

SEUNDO.- Financiamento

Este convenio non conleva para ningunha das partes obrigacións de tipo económico e a realización de prácticas externas non implicará contraprestación económica algunha para o estudantado.

Existe converxencia de intereses das partes asinantes que exclúen o ánimo de lucro en orde á consecución do obxecto referido.

Na tramitación administrativa deste expediente incorporaranse os seguintes informes:

-Informe da Asesoría Xurídica da Consellería do Medio Rural.





Por todo o exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación deste convenio, obsérvase o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela na data da sinatura electrónica.

A directora xeral
María Paz Rodríguez Rivera

